INSTITUTO NACIONAL DE ENSEÑANZA MEDIA
«ROSALIA CASTRO»
SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROFESORADO

18 xulio 1969

Sr. Don Ramón Otero Pedrayo
Ourense

Meu querido amigo e mestre: Paso o vran en Santiago, preparando os traballos que hai que presentar nas oposicións a cátedra. Infelizmente, a de Lingüística e Literatura Galega, inda que dotada, non foi convocada, nin sabe ninguén cándo o será. Pero os feitos prodúcense súpetamente e debo estar preparado. Durante o inverno o exceso de traballo docente impedíame pensar nesto. Desfixen ua viaxe a Buenos Aires, que me houbera roubado muito tempo. Se chego a ser catedrático da Universidade algunha vez, será á mesma edade que o foi vostede, se non máis tarde.

Desexo botar das costas esa angueira. Coa miña agregación do Instituto poderei vivir e traballar con acougo. Pero non me atrevo a defraudar a algúns amigos, e por eles farei un intento se o destino me presenta batalla.

Vin o seu traballo para o número especial de Cadernos. Vivir era doado. Moito me comprace lelo. Estaba, con outros, en segundas probas en poder de Marino.

As miñas fillas e os meus netos están en praias próximas, e ás veces veñen eles e ás veces vou eu.

Cando me queda algún tempo, traballo no segundo tomo da miña Historia, que se cadra non sairá nunca. Xa veremos.

Lembranzas de Maruxa para vostedes e miñas para Sita; e unha aperta para vostede do seu vello amigo

Carballo Calero

PENZOL